



O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 03-10-2025
ata a día 03-11-2025
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXANCIA
P.O.

DECRETO

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“Por acordo da Xunta de Goberno do 18.10.2024, apróbase a convocatoria e bases específicas para o ingreso como funcionario/a de carreira en tres (3) prazas denominadas Administrativo/a, da escala de administración xeral, subescala administrativa, correspondentes á OEP do ano 2023 (refundición prazas OEP taxa xeral acceso libre anos 2021 e 2022), mediante o sistema de oposición, acceso libre (BOP núm. 247, do 25.10.2024).

As bases xerais que rexen esta convocatoria foron aprobadas por acordo da Xunta de Goberno de 12.03.2021 e publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

A proposta de nomeamento realizada polo Tribunal e a relación das persoas non seleccionadas para a inclusión nas listaxes de emprego temporal da Deputación Provincial de Lugo, fíxose pública na web corporativa e no taboleiro de anuncios da entidade en data 19.08.2025.

Resolto definitivamente o procedemento selectivo por acordo da Xunta de Goberno de 26.09.2025, propónse á presidencia que, para cumprimento do sinalado na base xeral 9.3 e en uso das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, RESOLVA:

1º.- Aprobar a creación ou incorporación (segundo corresponda) das persoas propostas polo Tribunal que a continuación se indica, nas listaxes de emprego temporal da Deputación de Lugo de Administrativo/a, para prestar servizos temporais como funcionarios/as interinos/as por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do RDL 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei do estatuto básico do emprego público ou no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores:

APELIDOS E NOME	CUALIFICACIÓN FINAL
LÓPEZ GONZÁLEZ, SANDRA	19,56
DE VEGA FLORES, AURORA	18,82

2º.- Que a creación ou incorporación na listaxe de Administrativo/a, se realice conforme aos criterios que rexen a incorporación de persoal temporal na Deputación establecidos nas resolucións da presidencia das seguintes datas: 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 8.10.2009), 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 39, do 15.02.2019).

	IV7TGCCZHEPDLL5YAMOGGFYS4I	Fecha y Hora	02/10/2025 14:53:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTE)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TGCCZHEPDLL5YAMOGGFYS4I	Página	1/2



3º.- Que a creación ou incorporación na listaxe teña vixencia dende o día seguinte o da publicación da presente resolución na páxina web corporativa e no taboleiro de anuncios da entidade.”

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

O PRESIDENTE,

P.D. Decreto de data 25-06-2025

O DEPUTADO PROVINCIAL,

O SECRETARIO,

Asdo: Pablo Rivera Capón

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 03-10-2025
ata a día 03-11-2025
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

P.O. 

	IV7TGCCZHEPDLL5YAMOGGFYS4I	Fecha y Hora	02/10/2025 14:53:53	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO (SECRETARIO XERAL)			
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTE)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TGCCZHEPDLL5YAMOGGFYS4I		Página	